

CORDURA

De esguello acadei a ver unha abrula, tan vermella coma o sangue que había no chan. Eu seguía alí, parada coma unha martabela, non sabía que facer, a miña nai esnafrárase polas escaleiras abaixo. Pasaron horas ata que entrou alguén pola porta e espertei nunha habitación branca, tombada nunha cama igual de branca. Ao meu carón había unha mesa cunha flor vermella igual ca a do meu soño e unhas faragullas nunha bandexa.

O home que entrou ía vestido cun uniforme branco e comezou a preguntarme se seguía soñando o mesmo, eu contestei que si, e picoume cunha xiringa dicindo que non me preocupase, que xa case rematara todo.

Nese momento lembrei todo. Era o coelliño de indias dun home que quería fabricar algo para controlar a mente da xente, e con ese pensamento perdín todo outra vez, pero esa vez para sempre.

LUCÍA CAO MARTÍNEZ (3º A)

AFLORANDO RECORDOS

Falarlle ao meu avó das abrulas, da martabela, das faragullas de pan ou de esnafrarse contra algo, espertou nel un gran sorriso e unha mirada distante á vez.

Empezou a falar dos seus recordos, como de neno tantas e tantas veces ten xogado a estoupar as abrulas, e de pechar dentro unha abella e escoitar como zoaba esta ao non poder saír, como facían xirar as martabelas de cativos, imitando así o son das metralladoras nas guerras inventadas por eles, como comían eses bocadillos de manteiga con cacao por riba e aproveitaban ata as últimas faragullas de pan, ou como se esnafrou contra o chan cando ía de pesca ao río e pisou unha pedra esvaradiza.

Que tarde tan fermosa pasei co meu avó, porque o vin feliz, contándome as súas historias da infancia, e agradecida, porque con elas puiden facer un traballo de clase.

ERIKA IGLESIAS ALVARIÑO (3º A)

COMO MORRÍN

Había uns días que os meus pais se foran de viaxe, eu estaba soa.

Chegoume unha carta cunha abrula debuxada no sobre no que poñía: “segue durmindo”.

Era a miña foto durmindo, daquela noite, e nela saían unhas abrulas que eu tiña na miña habitación. Non me funcionaba o teléfono, non puideren chamar a ningúnen, decidín ir á policía.

No camiño paroume unha furgoneta con dúas mulleres e de súpeto baixou outra que me colleu. Tentei correr, pero esnafreime.

Na parte traseira do vehículo había faragullas de comida e abrulas tiradas polo chan. Leváronme a uns campos enormes a unha caseta vella cunha martabela que non paraba de soar, onde me pecharon.

Eu tiña o móbil, mais non podía chamar, porque non me funcionaba, pero conseguín activar a ubicación para que, cando chegasen meus pais, nunhas horas, conseguisen localizarme.

Esperei e esperei e ningúnen veu.

CARMEN PENABAD TIMIRAOS (3º B)

RECORDOS

Moitas veces soño contigo, cando era pequeniña e me levabas ao cabaliño, cando me dicías que me querías. Nunca pensei que te irías.

O meu avó era o mellor do mundo, contábame longas historias de cando era unha nena, e eu, parva de min, pensaba que meu avó nunca fora neno. Dicía que pasara moita fame, que non tivera xoguetes e que comezara a traballar moi noviño.

Meu avó sempre me levaba de paseo pola aldea. Gustáballe moito facer soar as abrulas e coller careixóns, que metía nunha palliña coma se fose un colar.

El fora mariñeiro toda a súa vida, peixe na casa non faltaba, e os percebes, que hoxe son tan caros, daquela botábanos para fertilizar os terreos.

Un día, tomando un zume de laranxa, na casa da miña avoa, non podía crer o que me estaba contando. Dicía que o meu avó xa non era o mesmo. Xa non se lembraba das cousas. Tiña medo á noite, á xente e ata ás martabelas, porque pensaba que o perseguían.

Eu dinme conta cando fomos de paseo por un camiño e vin como tiraba faragullas de pan. El sabía o que lle estaba pasando.

Tiñamos que estar con el día e noite, a enfermidade avanzaba moi rápido. Tiñamos medo de que se esnafrase, xa non era a primeira vez. Non nos coñecía, e iso era o que me preocupaba.

Agora, que xa non está. Gustaríame volver o tempo atrás para dicirlle todo aquilo que non lle dixen no seu momento.

Un avó é un mestre que ensina como é a vida.

MARÍA JESÚS BECEIRO GÓMEZ (ESA)

RELATO DUNHA MARTABELA

Son unha martabela, o meu traballo consiste en espantar os paxaros da horta da muller que me puxo aquí. Pode semellar que este traballo é algo aburrido, mais en realidade é moi entretido porque os paxaros sempre andan por aquí e cóntanme cousas de lugares a onde nunca irei.

Xa son amiga da maioría deles: Fío, que sempre anda a apañar nos froitos e unha vez case morre por comer unha abrula; Lelo, que me contou que hai sitios onde viven moitos humanos e onde os animais teñen que ter coidado de non esnafrarse contra as cousas con rodas nas que se moven moitos máis animais con outras historias.

Outra que me conta cousas é a señora María, sempre cun mandil cheo de faragullas de todo o que cociña e cun sorriso na cara, o mesmo co que me construíu hai quince anos e non perdeu malia ser xa moi maior, o mesmo que fai que esta martabela sexa algo máis feliz, e que goce da súa tranquilidade e diversión.

ÁLVARO SAMPAYO BOUZA (4º B)